



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 07 DE OUTUBRO DE 2025

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 07 de outubro de 2025 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria urxente e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez

D. Darío Santalla López

D^a María de los Dolores Pita Anca

D. Julián Blanco Rodríguez

D. Brais Prieto Verdial

D^a Rocío Martínez Martínez

D. Jose Manuel Luaces Piñón

D. Diego Graña Pérez

Secretario: Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de membros deste órgano en **quórum suficiente**, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Os concelleiros recoñecen haber recibido toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate, e no seu caso a votación, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. Proxecto de orzamento municipal e as súas bases de execución, para o exercicio económico 2025

Visto que todos os membros da corporación dispoñen de copia completa do proxecto de orzamento, o Alcalde pregunta si algún dos asistente precisa algunha aclaración ou quere facer algún comentario.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



O voceiro do Partido Socialista de Cerdido amosa a súa sorpresa por estar aprobando en outubro os orzamentos do exercicio corrente.

Tamén pregunta o motivo polo que o orzamento do 2025 e inferior ao do 2026. Pregunta por que o capítulo de inversión non contén as obras dos POS, e o secretario, coa venia do alcalde aclara que no capítulo de ingresos de transferencias de capital e o de gastos de inversión evitouse incluír as achegas de deputación e os proxectos vinculados, porque o programa SICLAWIN, no momento de trasladar as modificacións de crédito realizadas no ano corrente, xa incorpora eses conceptos.

O voceiro do partido socialista, solicita aclaracións sobre diferentes aplicacións orzamentarias, comentando que algunhas lle parecen esaxeradas, como a de 35.000 euros de gasóleo para instalacións deportivas. Tamén considera que outras están desfasadas. O alcalde aclara que o nivel de vinculación é a Área de gasto e o Capítulo, e que se pode sacar de unhas aplicacións para outras dentro da mesma área de gasto.

Tamén pregunta porque aparece unha cantidade considerablemente inferior a do ano 2024 na aplicación do alumado público. O alcalde explica que licitouse o contrato de subministro e reducíronse os custos do servizo.

Tamén se interesa polos ingresos ou gastos das placas solares do estacionamento do centro de Saúde. O alcalde aclara que as placas estanse a arranxar porque hay que pagar por non producir enerxía.

Don Brais pregunta o destino de 40,000,00 euros que aparecen na aplicación 165 21300. No momento non se aclara dito destino por confusión, aínda que se trata da aplicación de mantemento do alumado público, no que no ano 2024 se gastaron uns 36.000,00 euros.

Solicita aclaración de varias partidas, e todas son aclaradas polo alcalde na propia sesión.

Don Brais pregunta cantos veciños de Cerdido asisten ao obradoiro con Ortigueira. O alcalde contesta que un.

Tamén se interesa por o accidente da furgoneta. Si non se ten en conta o seu arranxo nos orzamentos. O alcalde contesta que a furgoneta está en situación de sinistro total e aínda non sabe como vai facer para adquirir outra.

Don Brais pregunta a que fan referencia o gasto de 15.000,00 euros de servizos de recadación da aplicación 920 22708. O Secretario, coa venia do Alcalde, explica que son as taxas de recadación que cobra a Deputación por xestionar os tributos. Tamén se aclara que non se paga dita cantidade, que se procede a compensación.

Sobre as subvencións ás asociacións, don Brais recalca que seguen conxeladas, e que debería intentar compensarse co resto de asociacións os créditos non consumidos.

Feitas todas as aclaracións solicitadas polo partido socialista, o seu voceiro quere facer constar en acta as dificultades que teñen para acceder a documentación dos plenos. Que traballan de mañá e non



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



poden achegarse as dependencias municipais para ter acceso a ela. Solicitan que se lles faga chegar por algunha canle toda a documentación dos plenos.

Feitas todas as aclaracións solicitadas, o Alcalde somete a votación a proposta de aprobación inicial dos orzamentos do ano 2025 co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: 5

VOTOS EN CONTRA: 4

ABSTENCIÓNS: 0

Como resultado da votación, o Pleno do Concello de Cerdido por maioría aproba a aprobación inicial do orzamento do 2025, xunto coas súas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o que segue:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	— Denominación	Orzamento 2024
		EUROS
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
.1	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos do Persoal	589.288,33
2	Gastos correntes en bens e servizos	711.733,22
3	Gastos financeiros	6.636,95
4	Transferencias correntes	29.576,24
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	0,00
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Inversións Reais	38.082,62
7	Transferencias de capital	8.350,00
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL GASTOS	1.383.667,27



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	— Denominación	Orzamento de 2023
		EUROS
A)	<u>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</u>	
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	206.096,05
2	Impostos indirectos	4.437,69
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	116.781,25
4	Transferencias correntes	1.047.202,29
5	Ingresos patrimoniais	9.150,00
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
B)	<u>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</u>	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	1.383.667,27

E sen mais asuntos a tratar, o Alcalde, Don Alberto Rey paz, levanta a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos do 07 de outubro de 2025, do que eu, como Secretario do Concello de Cerdido, dou fe.